



Capítulo 1: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º. Denominación

Coa denominación ASOCIACIÓN GALEGA DE ARBORICULTURA constitúese a asociación, que se rexerá polo artigo 22 da Constitución, a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación (B.O.E. núm. 73, do día 26 de marzo), o resto do ordenamento xurídico aplicable e polos presentes Estatutos.

A organización interna e funcionamento da Asociación, que tamén se levarán a cabo dentro das normas citadas, son democráticos e con pleno respecto ao pluralismo.

Artigo 2º. Enderezo

O domicilio social da Asociación establécese en lugar de San Román nº 38 B, Orto, Abegondo. A Asociación poderá abrir outros locais en calquera das poboacións galegas cando o crea convinte, dentro do seu ámbito de actuación.

Artigo 3º. Duración e Ámbito territorial de acción

A Asociación terá unha duración indefinida e realizará as súas actividades preferentemente en Galiza, aínda que puntualmente poida participar en actos, programas e proxectos de calquera ámbito territorial.

Artigo 4º. Fins

Os fins da Asociación son:

Crear un foro interdisciplinar para atopar solucións a cada un dos problemas que se xeran na interrelación entre a árbore e a sociedade humana. Promover o coñecemento da árbore e as súas relacións co medio, como base dos criterios de actuación nos proxectos, o cultivo e a xestión do arboredo. Divulgar os coñecementos científicos da bioloxía arbórea e as técnicas de arboricultura. Protexer o patrimonio arbóreo das agresións a que está sometido por descoñecemento, desidia ou vandalismo. Regular as actividades que afecten ao arboredo para que se establezan uns estándares de calidade que eviten xestións incorrectas. Realizar actividades de educación ambiental, formación e voluntariado, dirixidas a novos, asociacións xuvenís e sector educativo (docentes e alumnos), como destinatarios habituais, e ao público en xeral.

Para a realización dos seus fins a Asociación poderá facelo a través dos seus propios medios materiais e humanos e poderá así mesmo colaborar con organismos públicos, Comunidades Autónomas, Concellos e outras entidades, podendo beneficiarse das subvencións oficiais, concorrer a concursos ou formalizar convenios ou contratos, percibindo o seu importe e invertindo os ingresos na realización das devanditas actividades, pasando o sobrante -cando se producise- ao haber da Asociación, sempre que iso non contradiga as condicións do concurso ou do contrato.

Os posibles beneficios obtidos pola Asociación derivados do exercicio de actividades económicas de calquera tipo, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos fins mencionados, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles en análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

A Asociación poderá contratar o persoal necesario para o seu funcionamento interno e a realización dos seus fins, sempre de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 5º. Actividades

Para o cumprimento destes fins, a asociación realizará as seguintes actividades: Encontros, xornadas, congresos, seminarios, cursos, obradoiros, exposicións, proxectos e programas que na súa totalidade, ou en parte, teña como eixe á árbore e ao arboredo. Asesoramento e colaboración con institucións, asociacións e persoas físicas e xurídicas. Edición e promoción de publicacións, estudos, materiais didácticos e educativos orientados á cualificación técnica, á divulgación social e á educación ambiental. Actividades de investigación científica e educativa-ambiental. Actividades de estudo, protección, conservación e divulgación do arboredo, e do medio en xeral. Voluntariado ambiental, campañas de sensibilización, recuperación e fomento do desenvolvemento sostible. Actividades de educación ambiental, formación e voluntariado, dirixidas a mozos, asociacións xuvenís e sector educativo, como destinatarios habituais, e ao público en xeral. Coordinación, xestión e dirección de actividades e programas de ámbito institucional e privado.

Capítulo II: DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Artigo 6º. Órgaos de goberno e representación

O goberno e a representación da Asociación correrán a cargo da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

Artigo 7º. Constitución da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación. Os seus membros forman parte por dereito propio e irrenunciable. Os membros da Asociación, reunidos en Asemblea Xeral legalmente constituída, decidirán por maioría os asuntos que concernan á Asociación. Todos os membros quedarán suxeitos aos acordos da Asemblea Xeral, incluíndo os ausentes, os que discrepen e os presentes que se abstivesen de votar. Cada membro posuirá un voto.

Artigo 8º. Facultades da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral ten as facultades seguintes:

- a. Modificar os estatutos e regulamentos da Asociación.
- b. Adoptar os acordos relativos á representación legal, xestión e defensa dos intereses da asociación
- c. Controlar a actividade e a xestión da Xunta Directiva.
- d. Aprobar os orzamentos anuais de gastos e ingresos, e a memoria anual de actividades.
- e. Elixir ós membros da Xunta Directiva, destituilos e substituilos.
- f. Establecer as liñas xerais de actuación que permitan cumprir os fins da Asociación.
- g. Fixar as cotas que os membros da Asociación deberán satisfacer.
- h. Disolver e liquidar a Asociación.

Artigo 9º. Das convocatorias á Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral reunirse en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano. Reunirse con carácter extraordinario sempre que faga falla, por requirimento da Xunta Directiva, ou ben cando o solicite un número de membros da Asociación que represente como mínimo un dez por cento da totalidade.

Neste último caso farao nun período non superior aos 40 días de recibirse a devandita solicitude na Secretaría da Asociación. Os asuntos que precisen para a súa aprobación maioría de dous terzos deberán ser aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria. Na orde do día da convocatoria de Asemblea Extraordinaria deberán incluírse só os puntos que a motivaran e que deberán ser resoltos na devandita Asemblea.

Artigo 10ª. Da celebración da Asemblea Xeral

A convocatoria das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, farase por escrito. Os anuncios da convocatoria serán enviados aos membros da asociación cunha antelación mínima de 20 días. A convocatoria especificará o día, a hora e o lugar de celebración, así como a orde do día. Inclúranse preceptivamente na orde do día da Asemblea Xeral as cuestións que puidesen ser suscitadas por cada grupo de traballo, sempre que se comunicaran á Xunta Directiva previamente. As reunións da Asemblea Xeral presidiráas o Presidente da Asociación. Se non está, o substituirán, sucesivamente, o vicepresidente ou o vogal de máis idade da Xunta. Actuará como secretario quen ocupe o mesmo cargo na Xunta Directiva. O secretario redactará a acta de cada reunión cun extracto das deliberacións, o texto dos acordos que se adoptaran e o resultado numérico das votacións. Ao comezo de cada reunión da Asemblea Xeral o secretario lerá a Acta da Sesión anterior co fin de que se aprobe ou se emende. Cinco días antes, de tódolos xeitos, a acta deberá estar a disposición dos socios, así como calquera outra documentación, sempre que aqueles a soliciten na Secretaría da Asociación.

Artigo 11º. Da validez da Asemblea Xeral

A asemblea quedará constituída validamente en primeira convocatoria coa asistencia dun mínimo do 20% dos socios, estando estes presentes ou representados. Quedará validamente constituída en segunda convocatoria sexa cal sexa o número de socios presentes ou representados. A segunda convocatoria deberase facer media hora despois da primeira e no mesmo lugar, e deberase anunciar coa primeira.

Artigo 12º. Dos acordos da Asemblea Xeral

Nas reunións da Asemblea Xeral corresponde un voto a cada membro da Asociación. Os acordos tomaranse por maioría simple dos votos dos presentes. Para adoptar acordos sobre a separación dos membros, a modificación dos estatutos, a disolución da Asociación, a constitución dunha federación de Asociacións similares ou a integración nunha xa existente, farán falta un número de votos favorables equivalente ás dúas terceiras partes dos asistentes, tanto na primeira coma na segunda convocatoria. En calquera caso a elección da Xunta Directiva, se presentan diversas candidaturas, farase por acordo da maioría relativa dos socios presentes.

Artigo 13º. Da composición da Xunta

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario Xeral, un Tesoureiro e un número de vogais que non será inferior a dous nin superior a catro. Todos os cargos deberán recaer en asociados maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecida na lexislación vixente.

Artigo 14º. Da elección e cesamento da Xunta

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, elixidos en Asemblea Xeral, mediante o sistema de listas abertas e durarán un período de dous anos, podendo ser obxecto de reelección unha vez transcorridos os mesmos. A candidatura poderá estar formada por calquera socio sexa ou non membro da xunta saínte.

O cesamento dos cargos antes de extinguirse o termo regulamentario do seu mandato poderá producirse por:

- Dimisión voluntaria presentada mediante escrito no cal se expoñan os motivos.
- Enfermidade que incapacite para exercer o cargo.
- Baixa como membro da Asociación.
- Sanción por unha falta cometida no exercicio do cargo.

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse na primeira Asemblea Xeral que teña lugar. Mentres, un membro da Asociación, a petición da Xunta Directiva, poderá ocupar provisoriamente o cargo. No caso de que a vacante afecte un vogal non será obrigatoria a súa substitución sempre e cando o número destes non baixe de dous.

Artigo 15º. Das funcións e facultades da Xunta

É función da Xunta Directiva dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión administrativa e económica desta, executando os acordos da Asemblea Xeral, e someter a esta ás contas da Asociación.

A Xunta Directiva ten as facultades seguintes: Representar, dirixir e administrar a Asociación da forma máis ampla que recoñeza a Lei. Así mesmo, cumprir as decisións tomadas pola Asemblea Xeral, de acordo coas normas, instrucións e directrices que esta Asemblea estableza. Tomar os acordos que sexan necesarios, en relación coa comparecencia diante dos organismos públicos e para exercer todo tipo de accións legais e interpoñer os recursos pertinentes. Propoñer á Asemblea Xeral a defensa do establecemento das cotas que os membros da Asociación deberán satisfacer. Convocar as Asembleas Xerais e controlar que se cumpran os acordos que nelas se adopten. Presentar o balance e o estado de contas de cada exercicio á Asemblea Xeral para que os aprobe, e confeccionar os orzamentos do exercicio seguinte. Elaborar a memoria anual de actividades e sometela á aprobación da Asemblea Xeral. Contratar os empregados que a Asociación deba ter. Inspeccionar a contabilidade e preocuparse para que os servizos funcionen con normalidade. Establecer grupos de traballo ou comisións para conseguir do xeito máis eficiente os fins da Asociación e autorizar os actos que estes grupos proxecten realizar. Nomear os membros da Asociación que deben ocuparse de cada grupo de traballo ou comisión. Levar a termo as xestións necesarias diante de organismos públicos, entidades e outras persoas, para conseguir subvencións e axudas. Abrir contas correntes e libretas de aforro en calquera establecemento de crédito e dispoñer dos fondos que haxa nestes depósitos. Resolver provisionalmente calquera caso que non se previra nos estatutos e dar conta na primeira Asemblea Xeral. Preparar as modificacións dos Estatutos que sexan necesarias para sometelas á deliberación da Asemblea Xeral. Renovar e/ou nomear para cada período de dous anos ós representantes que teña a Asociación en calquera organismo ou entidade e en todas as comisións e grupos de traballo. Calquera outra facultade que non estea atribuída dun xeito específico a algún outro órgano de goberno da Asociación, ou que lle estivera delegado expresamente.

A Xunta Directiva poderá delegar en calquera dos seus membros a execución de determinados acordos ou a realización de certas xestións que sexan de interese para a Asociación. De calquera de ambas as dúas cousas dará conta nas seguintes sesións da Xunta que se celebren.

Artigo 16º. Convocatorias e reunións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o seu Presidente, e na súa ausencia polo Vicepresidente, ou polo Secretario Xeral, e a falta deles, polo membro da Xunta que teña máis idade. O Secretario levantará acta, que se transcribirá ao libro correspondente. Igualmente o Secretario convocará por escrito ós membros da Xunta para a súa reunión, achegándolles a orde do día previsto. A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria coa periodicidade que os seus membros decidan, e que en ningún caso será superior a 12 meses.



A convocatoria realizarase cunha antelación de polo menos 10 días. Reunirase en sesión extraordinaria cando a convoque con este carácter o Presidente, ou ben, se o solicita a metade máis un dos seus membros. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos. A Xunta Directiva quedará constituída validamente se estivo convocada con antelación e hai quórum da metade máis un. Os membros da Xunta Directiva están obrigados a asistir a todas as reunións que se convoquen, aínda que, por causas xustificadas, poderán escusarse. Será necesaria sempre a asistencia do Presidente ou do Secretario, ou das persoas en quen deleguen.

Artigo 17º. Dos acordos da Xunta

Os acordos da Xunta Directiva faranse constar nun libro de actas. Ao iniciarse cada reunión da Xunta Directiva o Secretario -ou persoa que na súa ausencia o substitúa- lerá a acta da sesión anterior para que se aprobe ou modifique, se é procedente. Todas as actas estarán asinadas polo Secretario da Asociación.

Artigo 18º. Presidente

O Presidente da Asociación serao tamén da Xunta Directiva, e terá as seguintes atribucións: Representar legalmente a Asociación. Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate. Propoñer o plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva e dirixir as súas tarefas. Visar as actas e os certificados confeccionados polo Secretario da Asociación. Ordenar os pagamentos acordados validamente. As atribucións restantes propias do cargo e as que lle deleguen a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

Artigo 19º. Duración do cargo de Presidente

O cargo de presidente da AGA só se poderá ocupar durante un máximo de dous mandatos ininterrompidos. Tras o cesamento no cargo e para volver ocupar novamente a presidencia de AGA deben pasar cando menos dous anos.

Artigo 20º. Vicepresidente

O Vicepresidente terá a función de: Apoiar ó Presidente na organización e coordinación das actividades e en cantas funcións lle delegue o Presidente. Substituír temporalmente ao Presidente en caso de dimisión, ausencia ou enfermidade, ostentando as súas mesmas atribucións.

Artigo 21º. Secretario Xeral

O Secretario Xeral é o responsable de: Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso e levar o libro de rexistro de socios. Ter ao seu cargo a dirección xeral dos traballos administrativos da Asociación. Custodiar os documentos da Asociación. Convocar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Levantar, redactar e asinar as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva Redactar e autorizar as certificacións que fagan falta entregar.

Artigo 22º. Tesoureiro

O Tesoureiro dirixirá a contabilidade e tomará razón dos ingresos e dos gastos. Recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente. É súa a custodia e o control dos recursos da Asociación, como tamén a elaboración do orzamento, o balance e a liquidación de contas.



Asinará os documentos de tesourería, levará un libro de caixa e ingresará o que sobre en depósitos abertos en establecementos de crédito ou de aforro.

Formalizará todos os anos as contas da Asociación que deberán ser presentadas á Xunta Directiva, para que esta, á súa vez, as someta á aprobación da Asemblea Xeral.

Artigo 23º. Vogais

Os Vogais terán a misión de difundir os fins, coordinar as actividades da Asociación e representar a esta nas funcións que se lles asigne dende a Xunta Directiva.

Capítulo III: DOS SOCIOS, SEUS DEREITOS E DEBERES

Artigo 24º. Membros

Poden formar parte da Asociación todas as persoas físicas, xurídicas ou institucións interesadas nos seus fins. Os menores de idade necesitarán o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade. Os que desexen pertencer á Asociación deberán solicitalo por escrito. O Presidente dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou non do socio, sen ningún recurso contra o seu acordo.

Artigo 25º. Perda da condición de socio

Os asociados teñen dereito a separarse voluntariamente da Asociación en calquera momento. E motivo da perda da condición de socio o non pagamento das cotas previamente establecidas e aprobadas pola Asemblea Xeral ou o incumprimento das obrigas estatutarias.

Artigo 26º. Dereitos

Todo asociado ostenta ten dereito a: Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir con voz e voto á Asemblea Xeral. Ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade. Intervir no goberno e as xestións, nos servizos e actividades da Asociación, de acordo coas normas legais e estatutarias. Formar parte dos grupos de traballo ou comisións que se constitúan. Facer uso dos servizos comúns que a Asociación estableza ou teña á súa disposición. Recibir información das actividades da Asociación. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción. Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que considere contrarios á lei ou aos Estatutos.

Artigo 27º. Deberes

Son deberes dos asociados: Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a súa consecución. Pagar as cotas e aquelas achegas que se decidan na Asemblea Xeral. Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.

Capítulo IV: DAS OBRIGAS DOCUMENTAIS E CONTABLES

Artigo 30º. Documentación

A Asociación disporá de: Unha relación actualizada dos seus asociados. Unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, conforme ás normas específicas que resulten de aplicación. Unha memoria coas actividades realizadas. Un inventario dos seus bens. Un libro de Actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación. Os asociados poderán acceder a toda a documentación que se relaciona no apartado anterior a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A data de peche do exercicio asociativo será o día 31 de decembro de cada ano.

Capítulo V: DO PATRIMONIO INICIAL E DOS RECURSOS ECONÓMICOS

Artigo 31º. Patrimonio

A Asociación carece de patrimonio inicial.

Artigo 32º. Orzamentos

O orzamento anual será o que aprobe a Asemblea Xeral, por proposta da Xunta Directiva.

Artigo 33º. Recursos económicos

Os recursos económicos previstos para desenvolver as actividades da Asociación estarán constituídos por: Cotas periódicas ou extraordinarias que puidese aprobar a Asemblea Xeral. Produtos dos bens e dereitos que lle correspondan en propiedade, así como as subvencións, legados e doazóns que poida recibir. Ingresos que obteña mediante as actividades que, de acordo coa lexislación vixente, acorde a Xunta Directiva. Importe de calquera outro ingreso que no seu día poida establecerse.

Artigo 34º. Administración

A administración dos fondos da Asociación levarase a cabo con todo detalle, sometida á correspondente intervención e publicidade, co fin de que os asociados poidan ter coñecemento periódico do destino daqueles. Anualmente poráselles de manifesto o estado de contas dos ingresos e gastos.

Artigo 35º. Beneficios económicos

A Asociación carece de finalidade lucrativa e dedicará, no seu caso, os beneficios eventualmente obtidos ao desenvolvemento de actividades exentas de idéntica natureza.

Artigo 36º. Exercizo

O exercizo económico coincidirá co ano natural e quedará pechado a 31 de decembro.

Artigo 37º. Percepcións económicas dos socios

Os cargos electos e socios da Asociación non percibirán ningún tipo de remuneracións ou prestacións económicas ou de calquera outro tipo pola realización dos servizos que do seu cargo se deriven, agás polas relacións laborais que as devanditas persoas poidan contraer na realización de actividades profesionais coa Asociación, distintas ao cargo que representan.

Artigo 38º. Firmas

Nas contas correntes ou libretas de aforro en entidades bancarias figurarán, optativamente, as sinaturas do presidente, vicepresidente, tesoureiro, secretario, un vogal ou o director executivo -en caso de existir a devandita figura-, ou calquera outra persoa autorizada pola Xunta Directiva.

Artigo 39º. Disposición de fondos

Para poder dispoñer dos fondos haberá bastante con dúas sinaturas, das cales unha necesariamente será ou ben do tesoureiro ou ben do presidente.

Capítulo VI. DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artículo 40º. Disolución

A Asociación disolverase por vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral convocada ao efecto, polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil e por sentenza xudicial firme.

Artigo 41º. Iniciativa de disolución

A moción para a disolución da Asociación só pode ser levada a cabo por un mínimo de 2/3 dos membros presentes nunha Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal fin, independentemente da porcentaxe de membros presentes nesta.

Artigo 42º. Responsabilidade dos socios

Os membros da Asociación están exentos de responsabilidade persoal. A súa responsabilidade quedará limitada a cumprir as obrigas que eles mesmos contraeran voluntariamente.

Artigo 43º. Personalidade xurídica

A Asociación conservará a súa personalidade xurídica ata que conclúa o seu período de liquidación.



Artigo 44º. Liquidación

A Asemblea Xeral nomeará unha comisión liquidadora que:

- a) Velará pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Concluirá as operacións pendentes e efectuará as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrará os créditos da Asociación.
- d) Liquidará o patrimonio e pagará ós acredores.
- e) Entregará os bens sobrantes da Asociación, se houbera, a entidades ambientais, benéfico-sociais ou outras con fins análogos aos perseguidos pola Asociación.
- f) Solicitará a cancelación dos asentos no Rexistro.

Artigo 45º

As funcións de liquidación e execución dos acordos a que fan referencia os artigos anteriores deste capítulo serán competencia da Xunta Directiva se a Asemblea Xeral non conferise esta misión a unha comisión liquidadora especialmente designada.

De conformidade cos artigos precedentes, os abaixo asinantes comprométense, como representantes da Asociación, a velar e vixiar polo cumprimento das normas dos presentes Estatutos.